

MARÍA
CASARES



EN TRES ACTOS



MARÍA CASARES

EN TRES ACTOS

FICHA TÉCNICA

Alcaldesa da Coruña Inés Rey García

Edita: Concello da Coruña

Dirección de proxecto: Manel Cráneo

Revisión de textos: Henrique Torreiro

Deseño e maquetación: Demo Editorial

Foto das gardas: Studio Harcourt (París)

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Primeira edición: marzo de 2022

Depósito legal: C 304-2022

Tiraxe: 800 exemplares

Formato: A4 en tapa dura

Páxinas: 64 en branco e negro



MARÍA CASARES

Un achegamento en banda deseñada á figura de María Casares


María Casares é unha coruñesa universal que nunca tivo na súa terra o recoñecemento que debera. Chegou a Francia como exiliada sendo unha adolescente e acabou convertendo nunha lenda viva do cine e o teatro nese país, onde a lembran como un monstro sacro da cultura xurdida trala II Guerra Mundial. Foi amante de Albert Camus, cativou á intelectualidade francesa de posguerra, rouboulle papeis protagonistas á propia Marlene Dietrich, triunfou en treatros de todo o mundo, e con todo, 25 anos despois da súa morte a súa figura segue sen recoñecida e reivindicada na súa terra tal e como merece, máis alá de recoñecementos oficiais.

Filla dunha cigarreira, Gloria Pérez Currais, e de Santiago Casares Quiroga, un ilustre intelectual e político progresista, viviu unha infancia idílica entre A Coruña e Montrove, unha aldea próxima na que pasaba as vacacións no palacete Vila Galicia. Aos 9 anos trasladouse coa súa familia a Madrid, seguindo ao seu pai ao ser nomeado ministro do goberno da Segunda República, o que permite a María coñecer a personaxes como Azaña, Lorca ou Valle-Inclán. O estalido da guerra civil sorprende ao seu pai no cargo de presidente do goberno e a súa inicial renuncia a armar ao pobo convérteo en obxectivo de eterna polémica. Ela toma o camiño do exilio xunto á súa nai.

Aos catorce anos chegou a París e comezou os seus estudos no conservatorio nacional, onde tivo que realizar dúas exames de ingreso por mor do seu forte acento galego. Tras coñecela por primeira vez, a directora da Comédie-Française dixo dela que era “miúda, cun aire como de cabra salvaxe, cunha curiosa dicción: aínda fala moi imperfectamente o francés”. Con todo, aos 20 debuta como protagonista no teatro e pouco despois participa nunha obra de Albert Camus, de quen se converte en amante xusto no momento que os aliados desembarcan en Normandía. Da man de Camus comeza introducirse nos círculos intelectuais e artísticos franceses e a colaborar coa resistencia contra os ocupantes nazis.

En 1944 debuta no cine e en poucos anos convértese nunha das actrices tráxicas favoritas do público galo. O seu talento persoal e a súa relación con Camus permítenlle relacionarse coa elite da cultura francesa e pronto se converte nunha musa da intelectualidade gala de posguerra, á que conquistou, segundo as súas propias palabras, seducíndoa cun atractivo donxoanismo herdado do seu pai. Cando Camus morre de xeito fortuíto nun accidente en 1960, María xa é unha rutilante estrela admirada en todo o mundo. Pero segue coa espiña cravada de non ser coñecida nin recoñecida no seu propio país, aínda baixo a ditadura franquista.

Considerábase unha «Residente privilexiada», que é como titulou as súas memorias, e nacionalizouse francesa moi tarde, en 1975, tras casar cun vello amigo, o tamén actor André Schlessler. Un ano despois regresou por primeira vez a España para representar a obra «O espantallo» de Rafael Alberti. Aínda que ao final dos seus días concedéuselle o título de filla predilecta da Coruña e a Medalla Castelao, sempre foi unha ilustre descoñecida para o público xeral. A pesar da súa importancia fundamental na cultura francesa, mantivo intacto o seu acento galego durante máis de medio século e gardou sempre como un tesouro os recordos dunha idílica infancia na súa Coruña natal. Nunca oldivó as súas orixes, aínda que durante moitos anos foi unha descoñecida para os seus propios paisanos.



María Casares. En tres actos é unha novela gráfica que desenvolve a biografía da actriz coruñesa mantendo unha estrutura narrativa en tres actos, emulando o canon estrutural da arte dramática clásica.

Cinco autores/as de diversas xeracións forman a proposta artística para abordar a biografía da ilustre coruñesa, todos con ampla bagaxe no sector da banda deseñada.

Os tres capítulos están guionizados por Manuel López Poy, un mesmo guionista para darlle coherencia narrativa ao conxunto da obra, e cada un dos capítulos, atendendo as necesidades gráficas para transmitir as diferentes fases na vida de María Casares, foron realizadas do seguinte xeito: Inés Vázquez, a infancia, Rubén Rial a xuventude e madurez e Dani Xove os últimos anos. O deseño de cuberta do libro é da autora francesa e residente en Canada, Camille Benyamina, encargada de porlle o acento galo tan necesario a esta obra colectiva dirixida polo autor e editor Manel Cráneo.



PRIMEIRO ACTO



UNHA INFANCIA TRUNCADA

SEGUNDO ACTO



PARÍS A ARTE E O AMOR

TERCEIRO ACTO



O TEATRO É A MIÑA PATRIA

Primeiro acto. Infancia e adolescencia (1922-1939)

A súa infancia na Coruña. Os seus recordos como filla dunha modesta cigarreira e un brillante político, e os seus primeiros estudos no colexio Colegio Grande Obra de Atocha. O seu traslado a Madrid con 9 anos, que supón o primeiro cambio vital e a primeira aproximación os estudos de teatro. O drama do estalido da Guerra Civil, coa polémica que perseguíu ao seu pai e a fuxida a Francia.

Segundo acto. Xuventude, resistencia francesa, posguerra e consolidación artística (1940- 1960)

Primeiros anos en Francia e estudos de interpretación no Conservatorio de París. Vida baixo a ocupación alemá e o seu encontro coa resistencia francesa. Primeiras obras de teatro e incio da súa relación con Albert Camus, de quen se converte en amante e musa. Final da Segunda Guerra Mundial.

O seu ascenso no teatro e o seu conversión en sedutora estrela do cine francés, onde lla cualificou como “monstruo sagrado”. O seu papel como membro destacado da vangarda da intelectualidade francesa e a súa apaixonada relación con Camus até a trágica morte deste en accidente.

Terceiro acto. Un mito mundial ignorado na súa terra (1961 - 1996)

Crise tras a morte de Camus. A súa conversión en símbolo do exilio español. A etapa de actriz en Arxentina. A adquisición da nacionalidade francesa, tras a súa voda con André Schlessler, e o seu regreso fugaz a España como estrela mundial, nos primeiros anos da Transición. A etapa final de premios e recoñecementos e a súa morte na a súa casa de Alloue, onde creara a súa propia Galicia íntima e privada. María nunca esqueceu as súas orixes, aínda que durante moitos anos foi unha descoñecida para os seus propios paisanos.



OS AUTORES/AS

GUIÓN:

MANUEL LÓPEZ POY

DEBUXO:

INÉS VÁZQUEZ / A INFANCIA

RUBÉN RIAL / A MOCIDADE

DANI XOVE / A MADUREZ



Inés Vázquez (Carral, 1993)**DEBUXANTE CAPÍTULO I.**

Fixo bacharelato artístico no IES Durmideiras da Coruña. Estudou un ano de Comunicación Audiovisual na UDC, e logo apostou polo mundo da ilustración e a banda deseñada cursando tres anos na escola O Garaxe Hermético (Pontevedra). Participou en diversos fanzines e colaborou en proxectos de ilustración. Traballou na empresa de animación irlandesa Lighthouse Studios nas producións “If you give mouse a cookie” e “The Bob’s burgers movie”. Publicou unha Bd no album colectivo “Licor Café” e tamén a novela gráfica “Aldara. A lenda do cervo branco” con Demo Editorial.

Rubén Rial (Vimianzo, 1991)**DEBUXANTE CAPÍTULO II.**

Rubén Rial é ilustrador e autor de banda deseñada, traballando principalmente en proxectos de carácter divulgativo e de temática histórica. Como autor, ilustrou o libro infantil “Unha Historia de Vimianzo” e o cómic “1468”, sobre as revoltas irmandiñas. É coautor do fanzine homenaxe á serie “Pratos Combinados” e participou na exposición itinerante e publicación de “1921-2021. 100 anos da bandeira galega no Palacio municipal da Coruña” de Coruña Gráfica.

Dani Xove (Santiago de Compostela, 1988)**DEBUXANTE CAPÍTULO III.**

Debuxante de Bd e ilustrador. Realizou obras de banda deseñada como “O Encanto da Pedra Chá” (Ed. Everest), “Efectiviwonder Comics”, “8 tracks” (autopublicados), historias curtas para publicacións como a revista Altar Mutante e a antoloxía “Licor Café” (Demo Editorial) ou a serie de webcomic “Piratas del Multiverso”, publicada no seu Instagram.

Manuel López Poy (Sarria, 1958)**GUIONISTA.**

Ten publicado nove novelas gráficas: “O Fillo da Furia” e os “Os Días do Cometa” e a primeira parte de “1921-2021. 100 anos da bandeira galega no Palacio municipal da Coruña”, con Demo Editorial; “A las Cinco de la Tarde” e a serie de cinco episodios de “La Espada de San Eufrasio”, con Diabolo Editorial; e “Valle Inclán, los años del esperpento”, con Cascaborra Ediciones. Tamén é autor do libro “El Universo de los Superhéroes”, con Ma O Non Troppo, e ademais é autor de varios libros de relatos, música, cultura popular e western.



Camille Benyamina (Francia, 1987)**PORTADISTA.**


Reside en Canada. Licenciada na escola Émile Cohl de Lyon. traballou como deseñadora 2D no sector dos videoxogos. Algúns dos seus libros son “Les petites distances”, “Violette Nozière: Vilaine chérie” ou “Chaque soir à onze heures, Montagnes russes”. “Querida diablilla: la historia de Violette Nozière” foi a súa primeira obra de Bd publicada no mercado español.



INÉS VÁZQUEZ MOSTRAS







DANI XOVE MOSTRAS

